

LITERATURA

O premio de poesía da Deputación da Coruña, o González Garcés, ficou nesta edición en Ferrolterra. A pontesa Medos Romero conseguiu este galardón bienal coa obra "O pozo da ferida" e o murgardés Lino Braxe obtivo o accésit con "Alaridos

dunha civilización humana". Engaden así os seus nomes a unha lista na que figuran autores como Miguel Anxo Fernán-Vello, Rómán Raña, Manuel Álvarez Torneiro, Xosé María Álvarez Cáccamo ou Ramiro Fonte, entre outros. O libro de Medos

Romero supón unha ruptura formal con respecto a obras anteriores pero mantén a unidade temática con outros traballos que indagan na situación da muller e dos máis desfavorecidos nas sociedades contemporáneas.

Medos Romero obtén o premio González Garcés co libro de poemas "O pozo da ferida"

Lino Braxe gañou o accésit do certame provincial con "Alaridos dunha civilización humana"

M. J. RICO > FERROL

■ Salvador García-Bodaño, un dos membros do xurado que premiou a Medos Romero, dixo no acto de lectura do fallo que a obra da escritora pontesa afincada en Valdoviño é "poesía viva, dura, de gran contido emocional e de denuncia" nun texto "cunha linguaxe brutal, pero dunha extraordinaria beleza". Tamén a autora se recoñece nestas palabras xa que o seu é un poemario sen concesións, que botou a andar a raíz do terrible asasinato dunha nena de catro anos no Carballiño e dunha rapaza en Baiona. "Foi algo que me fixo estremecer e púxenme a escribir este libro", comenta Romero.

O estado de ánimo da autora por mor dos sucesos acabou dando unha obra "completamente diferente ás anteriores, cunha nova maneira de abordar a poesía". Os cambios veñen dados pola forma, pola linguaxe que emprega, máis que polo fondo. De feito, a temática da muller está presente en varios traballos da escritora, como en "Dubido se matei a Lena". En "O pozo da ferida" denúnciase a situación das mulleres no primeiro mundo—"onde xa hai certo diálogo cunha mesma e coas demais"—e tamén nos países que viven na miseria, nos cales as condicións son de necesidade absoluta.

Este berro de Medos Romero está contado cun estilo sinxelo,



Medos Romero variou a súa forma de escribir con este traballo, máis racional que os anteriores

JORGE MEIS

"profundo e rotundo", indica, que racha cunha tendencia máis mística e metafórica. "Eu falara da muller doutro xeito. Aquí está máis pensado. É como se a razón e o que se di estivesen máis presentes que antes", comenta.

A dureza do tema que trata Medos Romero contrasta coa ledicia coa que a autora, enfermeira no

Arquitecto Marcide, recibiu a noticia. "Crin que era unha broima", explica. "Eu non son unha muller de premios porque son moi afortunada e sempre puíden publicar coas editoriais", di. "Pero en setembro xa ía sacar un libro con Follas Novas—titúlase "A seitura dos tristes"— así que, como non tiña

Medos Romero dedicárase agora "a disfrutar dos dous poemarios" antes de continuar coa escrita. "Eu sempre penso que o que fago é o último traballo", indica. Sen embargo, a súa carreira literaria continúa, logo de comezar a botar fóra as súas vivencias xa entrada na trintena con poemas e obra narrativa.

■ MÁIS

Unha denuncia dos defectos da sociedade

■ Miguel Anxo Fernán-Vello falou do traballo do murgardés Lino Braxe, accésit. En "Alaridos dunha civilización humana" reflíctese "a denuncia dos defectos da sociedade", explicou o gañador do González Garcés do 2004, quen definiu á figura do poeta como "o máximo intérprete da realidade".

Xurado > O xurado desta edición estivo composto por Miguel Anxo Fernán-Vello, Salvador García-Bodaño, Luz Pozo Garza, Henrique Rabuñal, Cesáreo Sánchez e Celestino Poza—responsable da área de Cultura da Deputación—. Presidiu o presidente da institución, Salvador Fernández Moreda. O premio ten unha recompensa en metálico de 6.050 euros e inclúe a publicación da obra dentro da colección poética editada polo organismo provincial.